

6 *Review*MURADO,
Miguel Anxo

Barcelona: Debate, 2008.
207 pp.
ISBN 978-84-8306-771-0

Otra idea de Galicia

Martín Veiga
University College Cork

Dividida nun total de once capítulos, esta obra ofrece un percorrido pola historia e a xeografía, polas tradicións e os atavismos, pola pervivencia de certos fenómenos como o caciquismo e a emigración, así como polas beiras doutros trazos identitarios que definen unha visión de Galicia como espazo singular. Os obxectivos da colección na que o libro se integra, centrada en temas de actualidade e que alberga tamén títulos como *Otra idea de Cataluña* de Ignasi Riera, radican en presentar, de xeito breve, conciso e ameno, unha introdución a estes territorios. A ollada de Miguel-Anxo Murado (Lugo, 1965) achégase a este tema de non doado tratamento con doses saudábeis de ironía e humorismo, aspectos por outra banda de presenza acostumada na produción literaria e xornalística do autor.

Con esta obra, a escrita de Murado confirma a súa tendencia cara á diversificación plural e multixenérica, que inclúe manifestacións en eidos como a poesía (*Bestiario dos descontentos; Lapidario*), a narrativa de ficción (*Ruído. Relatos de guerra; O sonho da febre*), o teatro (*A grande noite de Fiz; Historias peregrinas*), o guiión cinematográfico (*La ley de la frontera; Finisterre*), e o ensaio de análise política (*La Segunda Intifada. Historia de la revuelta palestina*), sen esquecer a súa tarefa de columnista na prensa escrita (*La Voz de Galicia*) e de colaborador noutros medios informativos.

O libro comeza cunha declaración sobre a súa vocación heterodoxa, sobre a súa vontade de desmitificación e revisión crítica de estereotipos. En canto ás intencións da obra, Murado non deixa lugar a dúbidas ao afirmar que ‘este libro no es una historia de Galicia sino un recorrido por ella, un intento de comprenderla’ (11). Xa que logo, esta tentativa de comprensión dunha realidade complexa convértese no motor primeiro da narrativa, no seu punto de partida. O argumento inicial do autor defende a relevancia fundamental que, para acadar un entendemento cabal de Galicia, adquire a súa xeografía, polo que recorre ao emprego reiterado ao longo das páxinas da figura de don Domingo Fontán, autor do primeiro mapa topográfico e trigonométrico do país. Deste xeito, a narrativa artéllase a partir da aparición protagónica e por veces inesperada de Fontán en varios momentos, factor que ademais lle proporciona á obra un lene fío condutor. O libro constitúe, pois, un paseo por Galicia da man de Murado; un paseo, constantemente presidido polo espírito tutelar de Fontán, que vai transitar ‘entre lo que se sabe, lo que se cree y lo que se supone’ (26).

O labor desmitificador do libro comeza co capítulo titulado ‘El paisaje inocente’, no que Murado demostra a intensa humanización da

MURADO, Miguel Anxo.
Otra idea de Galicia.
Martín Veiga

paisaxe galega, a íntima relación da paisaxe coa historia, nocións que entran en aberta contradición coa percepción, maiormente foránea, de Galicia como terra virxinal, pura e non tocada polas gadoupas do progreso. Este capítulo serve como axeitado exemplo para amosar o ton xeral do libro, pois combina a partes iguais erudición e profusión de datos cun ton ameno e levadeiro, risco que define ben o estilo de Murado e representa un dos achados da súa proposta creativa. Lembremos que no seu breve limiar a *Lapidario*, un dos seus poemarios, o autor xa afirmara a súa querenza polo xénero enciclopédico e as súas pretensións de que a obra non resultase academicista en exceso. Idéntica divisa podería aplicárselle a *Otra idea de Galicia*.

Outra idea na que se detén Murado e que, de feito, xace no núcleo da argumentación da obra, ten que ver co silenciamento e a invisibilidade da historia de Galicia, sobre todo por parte da historiografía española. Segundo o autor, a escasa atención historiográfica que Galicia recibiu explícase en parte pola aplicación ao caso galego, por parte de certos estudos, dunha visión retrospectiva da historia, en virtude da cal se lle concede máis importancia a certos acontecementos do pasado por mor da súa relevancia no presente, no canto de analizar o seu valor pasado intrínseco. Para aclarar esta cuestión, o capítulo 'Tierra sin historia' remóntase ao estatus administrativo da Gallaecia romana para logo presentar a evolución do territorio desde o reinado dos suevos ata a incorporación de Galicia ao reino de Castela. En realidade, a falta de presenza de Galicia nos discursos historiográficos españois relaciónase coa súa posición subalterna e representa un síntoma da súa ausencia de poder.

'De la gallegofobia a la gallegofilia' céntrase na percepción cambiante que o pobo castelán tivo de Galicia e dos galegos ao longo dos séculos. Mentres que na actualidade a imaxe proxectada adoita ser favorábel, non sempre foi así, como explica Murado, fornecendo ademais abondosos e ilustrativos exemplos. Os motivos para a xenreira castelá durante épocas como o Século de Ouro cífrase en factores tales como a pobreza secular de Galicia e as súas consecuencias (superpoboación, emigración), o feito de posuír unha lingua diferente (só os biscaíños falaban outro idioma na Coroa de Castela) e mais a impresión de que os galegos non eran tan leais á coroa como sería de agardar. En canto á imaxe que os galegos teñen de si mesmos, suxire que son a controvertida cuestión do celtismo e o fatalismo rosaliano, a súa saudosa 'negra sombra', os dous eixes fundamentais que vertebran a constitución da autoimaxe galega entre os séculos XIX e XX. Neste sentido, acerta o autor ao considerar que a imaxe que triunfou foi a melancolía de Rosalía de Castro por riba do orgullo histórico de Manuel Murguía, polo que conclúe ironicamente que 'en vez de una *política*, podríamos decir que Galicia tuvo una *poética*' (97).

O capítulo titulado 'Nacionalistas' comeza cunha reflexión sobre o nacionalismo como expresión esencial da identidade, para logo debullar a súa evolución desde o galeguismo cultural de Murguía ata a chegada ao poder do BNG en 2005. Entremedias atópanse varias xeracións de persoas que se implicaron ao longo da historia na defensa dun proxecto nacionalista para Galicia. Murado ofrece unha panorámica dos diferentes perfís ideolóxicos de varias figuras centrais do grupo Nós como Otero Pedrayo e Vicente Risco, así como a intervención máis ou menos relevante doutros axentes que participaron na evolución do nacionalismo como Ramón Piñeiro, pero préstalle atención preferente a Castelao, considerado, aínda hoxe, referente fulcral do nacionalismo galego.

MURADO, Miguel Anxo.
Otra idea de Galicia.
Martín Veiga

Outro dos elementos imprescindíbeis para entender Galicia é sen dúbida a cuestión da emigración, á que Murado lle dedica o capítulo 'Diáspora'. O interese desta sección atópase nunha característica que de novo se pode extrapolar ao estilo xeral da obra: a mestura equilibrada de datos históricos e de episodios anecdóticos, aspectos ambos que operan no mesmo plano e lle brindan ao texto rigor documental e axilidade de ritmo narrativo, de certo as súas calidades máis salientábeis.

Como xa se comentou, un dos obxectivos principais da obra consiste en poñer en práctica mecanismos desmitificadores en relación coa realidade galega do presente e do pasado. Este procedemento exemplifícase á perfección no apartado titulado 'O mito do atraso', no que o autor revela que, malia a tradicional percepción de Galicia como lugar atrasado e pouco industrializado, si gozou dun nivel aceptábel de desenvolvemento industrial no século XVIII, centrado sobre todo na produción e comercialización do liño, con relacións mercantís tanto a nivel español como internacional. Segundo explica Murado, a desaparición case total desta industria, xunto con outras como a dedicada aos curtidos de coiro e á transformación de peixe, debeuse aos efectos dunha mala xestión política, que rematou por instaurar no exterior a imaxe negativa de Galicia. En canto á industrialización galega durante o século XX, esta produciuse de xeito singular, idiosincrático, sen seguir unhas regras predeterminadas, como afirma Murado: 'A lo largo del siglo XX Galicia se ha ido industrializando, pero lo ha hecho a su manera, a su aire, con sus éxitos y fracasos' (146). Esta independencia de criterio, vencellada a comportamentos e actitudes marcados por unha relativa excentricidade, semellan estar no centro dunha forma de ser e de proceder tipicamente galega. O mesmo ocorre co caciquismo, fenómeno que se atopa na raíz do vencello dos galegos coa política, tema que Murado analiza con detalle en 'Caciques', no que ademais expón certas especificidades da política en Galicia como a indiferenza, o absentismo, a aceptación calada do poder.

Nun libro dedicado a explorar as claves da historia e da identidade galega, non podía faltar un capítulo dedicado ao idioma. É o titulado, a partir do sintagma cunqueiriano, 'Lengua de pobres y de poetas'. Comeza por ofrecer unha síntese da evolución da lingua galega desde as súas orixes e séculos de esplendor ata a súa posterior marxinação, ademais de aludir á súa relación, por veces harmónica e por veces problemática, co castelán, así como ao conflito entre normativas ortográficas. As conclusións de Murado en torno ao idioma apuntan á politización crecente dos debates lingüísticos, con argumentos que abalan entre os temores dalgúns sectores ante a posíbel desaparición do idioma e a naturalidade da inmensa maioría da poboación que, segundo indica o autor, fala galego de modo inmotivado, sen pensar nin por un intre nas razóns da súa práctica.

A derradeira sección da obra pon en cuestión a desaparición da cultura e da sociedade tradicional galegas. A percepción que de Galicia teñen en xeral os foráneos non vai máis alá dunha visión inmobilista que lle asocia valores de índole arcaizante e máxica. Pola contra, a sociedade galega, o seu folclore e tradicións, vanse transformando de maneira constante, igual que ocorre en todas as culturas. Murado conclúe este capítulo, titulado 'La patria de los difuntos', cunhas palabras sobre a identidade diferenciada de Galicia que poden servir como colofón e asemade como glosa para o libro: '[O feito diferencial] Es el resultado de muchos factores, de una geografía característica que en su relación con la historia ha dado lugar en cada época a diferentes Galicias, pero todas ellas sólo explicables a través de sí mismas' (199).

MURADO, Miguel Anxo.
Otra idea de Galicia.
Martín Veiga

Péchase a obra cun índice de referencias bibliográficas detallado por capítulos e brevemente comentado que amosa o traballo documental desenvolvido polo autor. Con todo, Murado nunca esquece o carácter divulgativo do texto, o que converte o libro nunha interesante e entretida interpretación da historia de Galicia e unha revisión dos principais elementos constituíntes da súa identidade. As ben dosificadas proporcións de rigor, amenidade e retransca, así como a vontade de rachar con tópicos e de matizar verdades recibidas, fan que o libro resulte de interese tanto para o público lector non galego como para os galegos mesmos, que de seguro han recoñecer nas súas páxinas comportamentos propios e impresións alleas. De por parte, nun libro ateigado de datas e datos históricos como *Otra idea de Galicia*, poucas grallas hai dignas de consideración, mais é importante facer constar un erro factual que deba ser corrixido en futuras edicións: nas primeiras liñas do capítulo dedicado á emigración (119), afirmase que *Os vellos non deben de namorarse*, a célebre peza teatral de Castelao, estreouse en México D. F., cando en realidade foi estreada no Teatro Mayo de Bos Aires o 14 de agosto de 1941, antes de viaxar a Montevideo, onde se representou o 8 de outubro.

Fiel a unha proposta literaria xa recoñecíbel pola súa versatilidade xenérica e estilística, pola súa capacidade para se entregar ás reviravoltas do humor e da ironía, por unha intelixencia sempre axexante para atopar o lado oculto da realidade e xerar textos complexos mais de lectura pracenteira, Murado ofrece neste libro un retrato de Galicia como espazo contradictorio, como un lugar que resulta familiar e ao mesmo tempo estraño, como un territorio mudábel que de seguido hai que interpretar. Algo semellante ocorre co seu *Caderno de Xapón*, obra coa que, desde este punto de vista, *Otra idea de Galicia* establece inesperados lazos, con certeza dignos de seren esculcados con maior demora. Que teñen en común un ensaio sobre Xapón, a súa xente, cultura e tradicións e mais un libro sobre os aspectos fundamentais da historia e da identidade de Galicia? O que subxace como pano de fondo de ambas as dúas obras non é máis que a ollada sempre indagadora e nunca compracente de Miguel-Anxo Murado, a súa curiosidade intelectual, o seu estilo irónico e directo.